

Na inauguración do nacemento, o presidente do organismo provincial declarouse un namorado do Nadal

Gómez Besteiro: «O belén de Begonte recolle o novo espírito da Deputación»

C.L.

LUGO | Co pregón do presidente da Deputación Provincial, José Ramón Gómez Besteiro, onte foi inaugurado o belén electrónico de Begonte, que xa está aberto ás visitas de todo o público. Un público que cada ano peregrina masivamente dende os máis diversos lugares de Galicia ata este concello chairego, considerado xa como a capital do Nadal galego, non en van cada ano son máis de 40.000 as persoas que visitan este belén.

Gómez Besteiro confesouse un namorado do Nadal, «do belén que poñía de pequeno na miña casa e agora cos meus nenos, dos pastores que eran as miñas figuras preferidas, das reunións coa familia, da Noiteboa...». Así mesmo, referiuse ao belén de Begonte como «un dos máis famosos e fermosos de toda Galicia e de toda España».

O pregoeiro dixo sentirse honrado de formar parte desa gran familia de persoas que nun día coma o de onte se dirixiron a todos os presentes para inaugurar este belén, cuxas pezas reflicten á perfección as xentes e os costumes de Galicia. Aínda máis, «creo que o belén de Begonte recolle magnificamente o novo espírito da Deputación que presido: sumando esforzos e arriando o ombro toda a engraxe funciona».

O presidente do organismo provincial non quixo pasar por alto o recoñecemento ao tra-

O público pode facer visitas en días laborables e festivos

Os días laborables, o belén electrónico de Begonte pode ser visitado de tres a sete da tarde; mentres que os festivos está aberto ao público de once a dúas e de tres a oito. Aos grupos recoméndaselles que avisen previamente ao teléfono 982 396 121 para programar as visitas.

Con motivo dunha nova edición do belén de Begonte, o Centro Cultural José Domínguez Guizán, promotor desta iniciativa, ten convocados unha serie de certames: o galego de arte e os de poesía, xornalismo e debuxo infantil, todos eles centrados na temática do Nadal.

ballo feito, de aí que amosase o seu agradecemento «ás persoas que, ano tras ano, con entusiasmo, dedicación e moitas horas de sacrificio, traballan a reo porque cren que o Nadal segue sendo importante».

Ademais de referirse ao éxito e á popularidade deste belén, o presidente da Deputación aludiu á súa longa traxectoria «iniciada alá polo ano 1972 cando o párroco José Domínguez decidiu tomar as rendas deste proxecto hoxe consolidado. Cónstame que o belén de Begonte é todo un exemplo de superación ata conseguir que este nacemento distinga a Begonte como pobo».



O presidente da Deputación Provincial observa o belén electrónico acompañado dos nenos | FOTOS ÓSCAR CELA



O bispo de Mondoñedo da a bendición ao belén begontino, en tanto que a coral polifónica de Foz actuou na misa

Despois de louvar a iniciativa do finado José Domínguez Guizán e agora do seu irmán Jesús, José Ramón Gómez Besteiro fixo un chamamento para que nunca morra o entusiasmo e a paixón dos artífices desta iniciativa. Finalmente, pediu «un chisquiño de reflexión para disfrutar destas datas. Non fagamos un belén de consumo rápido».

Versos de Vergara Vilariño

O pregoeiro rematou a súa intervención cos versos do poeta Fiz Vergara Vilariño: *A Begon-*

te este ano iremos / pra visitalo belén / de Begonte voltaremos / encheitos de paz e ben.

Logo da lectura do pregón, que tivo lugar na igrexa parroquial begontina, celebrouse unha misa cantada pola Coral Polifónica de Foz, dirixida por María del Carmen Alonso Leal. Ademais dos cánticos propios dos oficios relixiosos, ofreceron un pequeno concerto de panxoliñas. Rematada a liturxia, tanto o nacemento electrónico coma o museo do belén abriron as súas portas.

Entre as autoridades presentes

neste acto inaugural estaban o bispo de Mondoñedo, Manuel Sánchez Monge; o subdelegado do Goberno, Jesús Otero; o alcalde de Begonte, José Antonio Vázquez; o delegado provincial de Presidencia, Luis Rodríguez Edrosa, e o xerente da Fundación Caixa Galicia en Lugo, Sinesio Pérez. Tamén foron moitos os veciños e veciñas de Begonte que se achegaron ata a igrexa parroquial para asistir á misa e tamén para admirar este belén electrónico no seu primeiro día de funcionamento.